

Á MESA DO PARLAMENTO

Ramón Vázquez Díaz e Xabier Ron Fernández, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do recollido no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

No inicio do curso 2015/2016, o Goberno galego continuará co desmantelamento da rede de centros públicos de Galicia, situando ás vilas e pobos do rural galego nunha situación de verdadeira alerta educativa.

Trece escolas, 82 aulas e 122 prazas de profesorado desaparecerán do sistema educativo público galego no vindeiro curso. Eses son os datos que publicaba o Diario Oficial de Galicia o pasado 21 de xullo na orde de catálogos de educación infantil e primaria e que ofrece os seguinte resultado por provincias:

- Na provincia da Coruña pechan sete escolas, en Cambre, Fene, Lousame, Ordes, Oleiros, Ortigueira e Paderne. Haberá 19 aulas de educación infantil menos, 14 menos de primaria e 50 profesores e profesoras menos.
- Na de Lugo, pechan escolas en Doiras (Cervantes) e Oourol. Haberá tres aulas de educación infantil menos, unha menos de educación primaria, tres menos de educación especial e eliminaranse 9 profesores e profesoras.
- Na de Ourense, pecha a escola de Calvos de Randín e desaparecen seis aulas de educación infantil, seis de primaria e 20 prazas de profesorado.
- Na de Pontevedra, pechan escolas nas Neves, en Poio e en Vilagarcía de Arousa. Dezasete aulas menos en educación infantil, 13 en primaria e 43 profesoras e profesores menos.

O balanço aterrador dos seis anos de Goberno de Alberto Núñez Feijóo no que respecta ao ensino galego, resúmese nas seguintes cifras: 532 aulas suprimidas e 103 escolas eliminadas, todo un récord na historia do noso país que sitúa ao noso medio rural nunha clara situación de marxinación educativa.

Ademais do peche de escolas e aulas e da supresión de profesorado, case o 50% dos concellos da provincia de Lugo e Ourense teñen alumnado de diferentes idades e cursos mesturados na mesma aula, un feito ao que se engade a masificación de moitas aulas onde se superan claramente as rateos establecidas.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda, presenta a seguinte Interpelación:

É consciente o Goberno galego das consecuencias que ten para o noso Sistema Educativo o peche de aulas e escolas levado a cabo durante os últimos anos en Galicia?

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2015.

Asdo.: Ramón Vázquez Díaz

Xabier Ron Fernández

Deputados do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Ramón Vázquez Díaz na data 10/09/2015 16:30:47

Jose Javier Ron Fernandez na data 10/09/2015 16:30:56